



Confederación Intersindical Galega
ADMINISTRACION PUBLICA

C.I.G. - AXENCIA TRIBUTARIA

MESA SEGUIMIENTO CAMPAÑA RENDA

Hoxe tivemos reunión da Mesa de seguimento do acordo de renda a que se trasladaron os problemas que imos tendo nas diferentes plataformas.

Como era de esperar, a Administración fai unha valoración positiva da marcha da campaña, tanto nas plataformas de renda como a través de internet e do plan *Le llamamos*.

Dende **CIG** fixemos incidencia nas seguintes cuestións:

- Problemas coa cita telefónica e o plan *Le llamamos*: non é ético que se utilicen teléfonos de pago e non todo o mundo ten chamadas gratis a teléfonos fixos. As persoas maiores teñen moitísimos problemas coa cita previa, hai moita confusión co programa *Le llamamos*, non hai claridade suficiente á hora de dar a cita (presencial ou telefónica), córtase o teléfono despois dun tempo... pedimos un teléfono totalmente gratuito e que todas as chamadas sexan atendidas por un operador/a.
- Problemas coa presentación de rendas en galego: saen pantallas en inglés ou catalán e durante os primeiros días non se podían presentar porque daban erros. Tampouco hai manuais de renda na nosa lingua.
- Problemas cos cambios de turno: entendemos que deberían ser libres, si dúas persoas queren cambiar o seu turno e non prexudican o servizo non debería haber ningún problema, nin pola mañá nin pola tarde. Non se pode penalizar a ninguén por este motivo.
- Módulo de produtividade por colaboración dentro da xornada ordinaria: entendemos que os módulos teñen que pagarse completos a todos os que están nos postos que menciona o acordo (registro, rectificación, etc.). A Administración manifiesta que non hai caros para todos, polo que repartirán segundo o criterio que determine cada responsable.
- Pedimos que nos listados de produtividade se separen os distintos tipos de produtividade pola campaña de renda (dentro e fóra da xornada).
- Trasladamos a denuncia dos teleoperadores con discapacidade subcontratados nas oficinas de Madrid polas condicións das oficinas. Pedimos o fin das subcontratacións e que estes servizos sexan atendidos por persoal propio.
- Tempo por cita de 10 minutos é escaso aínda que este ano está compensado coa gran cantidade de citas dobres que se están a dar (30% do total).
- Renta Web: ten problemas co traspaso de determinadas deducións autonómicas (por exemplo a deducción por nacemento de fillos). Tamén pedimos un acceso directo para poder dar de alta un domicilio aos efectos de notificacións.

SEGUIREMOS INFORMANDO